

## **Criterios de cualificación en 4ºESO para a 1ª, 2ª e 3ª avaliacións na materia de Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional CURSO 2021-2022**

Para a cualificación teranse en conta os resultados das probas escritas que se realizarán por avaliación, así como o traballo e a actitude do alumno, de modo que a ponderación, de forma xenérica, será:

- **60 %:** media das probas escritas, que serán, por termo xeral, dúas por avaliación.
- **40 %:** valoración da realización de traballos e prácticas, recollidas no caderno de aula así como do desenvolvemento e actitude do alumno na aula e, de ser o caso, no laboratorio.
- **No caso do ensino semipresencial ou non presencial** serán as tarefas semanais ou quincenais, así como as probas escritas, as que determinen a cualificación, sendo cualificadas individualmente de 0 a 10. A cualificación final de cada avaliación obterase como a media de todas elas.

Para poder aprobar a avaliación a media ponderada deberá ser igual ou superior a 5.

No que atinxe aos exames ou probas escritas:

- Os exames terán unha cualificación positiva cando a nota sexa igual ou superior a 5 sobre 10.
  - O seu formato será, por regra xeral, o de exercicios baseados en problemas e/ou cuestións sobre a materia.
  - Nas probas indicárase o valor numérico de cada unha das preguntas que as constitúen.
- Para a avaliación dos traballos e prácticas (40% do total) terase en conta:
- Observación na aula: especialmente adecuada para a valoración da actitude do alumnado fronte a materia.
  - Rexistro de traballo do alumno: no que se valorará a realización ou non das actividades propostas mediante a revisión do caderno de laboratorio.
  - A presentación de caderno fóra de prazo terá as seguintes penalizacións:
    - 1 día de retraso → 25% de desconto na nota acadada.
    - 2 días de retraso → 50% de desconto na nota acadada.
    - 3 días de retraso → 75% de desconto na nota acadada.
    - 4 días de retraso → a nota acadada será un suspenso.

### **Criterios de recuperación**

Os alumnos que non obteñan unha media ponderada igual ou superior a 5, realizarán unha proba escrita sobre contidos referidos ao trimestre suspenso. Esta nota suporá a nova cualificación da avaliación sempre e cando sexa superior a xa acadada. Para poder aprobar a avaliación a nota da recuperación deberá ser igual ou superior a 5.

### **Criterios de cualificación para a avaliación ordinaria.**

Finalizada a 3ª Avaliación calcularase a nota media das tres cualificacións de avaliación parciais. Esta é a nota coa que o alumnado parte para a realización da avaliación ordinaria. Os criterios de cualificación para a avaliación ordinaria serán diferenciados para o alumnado que acadou ou non o 5 na nota media das avaliacións parciais.

#### **Alumnado que non acadou o 5 na nota media das avaliacións parciais**

Realizaranse actividades de reforzo e recuperación, así como probas individualizadas de cada avaliación, ou unha proba única, se fose o caso. A ponderación será a seguinte:

- 90 %: Nota da proba individualizada.
- 10 %: Valoración das actividades de reforzo e recuperación realizadas durante a quincena de xuño a través do caderno de aula.

#### **Alumnado que acadou o 5 na nota media das avaliacións parciais**

Realizaranse actividades de repaso e ampliación as cales serán revisadas mediante o caderno de aula. A correcta realización destas actividades poderá incrementar a nota media das tres avaliacións parciais nun 5 %, sendo esta nota mellorada a súa nota na avaliación ordinaria.